excepto los procedentes de ofertas de empleo público, o reingresado desde situaciones que no conlleven la reserva de puestos de trabajo. A estos efectos, se computarán los ceses por jubilación, retiro, fallecimiento, renuncia, declaración en situación de excedencia sin reserva de puesto de trabajo, pérdida de la condición de funcionario de carrera o la extinción del contrato de trabajo, o en cualquier otra situación administrativa que no suponga la reserva de puesto de trabajo o la percepción de retribuciones con cargo a la Administración en la que se cesa. Igualmente, se tendrán en cuenta las altas y bajas producidas por los concursos de traslados a otras Administraciones Públicas. No computarán como ceses los que se produzcan como consecuencia de procesos de promoción interna.

Según el informe del jefe de gabinete técnico de fecha 24/11/2021, la diferencia entre el número de empleados fijos que, durante el ejercicio presupuestario anterior, dejaron de prestar servicios y el número de empleados fijos que se hubieran incorporado en el referido ejercicio, es de cinco. No computan, además, las plazas que se convoquen por promoción interna y las plazas correspondientes al personal declarado indefinido no fijo por sentencia judicial. Si bien, en el caso de la promoción interna, entiendo que la reserva del 100% de las plazas vulnera el artículo 23.2 de la Constitución, el principio de igualdad en el acceso a los puestos de trabajo. Y en el caso del personal declarado indefinido no fijo por sentencia judicial, no se cumple el requisito relativo a que el personal, en la fecha de entrada en vigor del EBEP, estuviese desempeñando puestos reservados a funcionarios (DT 2ª TREBEP).

Además, según la Disposición adicional vigésima tercera, Procesos de estabilización al amparo del artículo 19.uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017, la tasa adicional para la estabilización de empleo temporal en los términos y condiciones que regula el artículo 19.uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017, incluirá hasta el 100 por ciento de las plazas que, estando dotadas presupuestariamente, hayan estado ocupadas de forma temporal e ininterrumpidamente al menos en los tres años anteriores a 31 de diciembre de 2016.

C.I.F. P-1503100-H

6.- De conformidad con lo previsto en el artículo 61 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público los sistemas selectivos de funcionarios de carrera serán los de oposición y concurso-oposición que deberán incluir, en todo caso, una o varias pruebas para determinar la capacidad de los aspirantes y establecer el orden de prelación.

Sólo en virtud de ley podrá aplicarse, con carácter excepcional, el sistema de concurso que consistirá únicamente en la valoración de méritos.

6.- No consta informe de Secretaría General.

En base a lo anterior, se llega a la siguiente

CONCLUSIÓN

Teniendo en cuenta la legislación expuesta y las consideraciones realizadas se informa desfavorablemente la propuesta remitida.”

Consta no expediente nota informativa de secretaría 91/2021, do 7 de decembro de 2021 (código de documento USG15I03YV), que transcrita di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

91/2021

En relación coa proposta do xefe do gabinete técnico de data 24 de novembro de 2011 conformada pola concelleira delegada de seguridade e persoal (código de documento UPO15I01TI) relativa á aprobación da oferta pública de emprego para o ano 2021, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

1.- En relación ás prazas de promoción interna (/ oficial policía, técnico/a de xestión, administrativo/a e auxiliar de administración) reitérase o sinalado por esta Secretaría en anteriores ocasións verbo de que non é legal a reserva do 100 por 100 das prazas vacantes a promoción interna .

Código do documento	Código do expediente
USG16I000Z	USG/2021/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2G3E 4V5L 0H25 455Q 0BHM	

O artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local preceptúa que corresponde ao estado establecer as normas básicas da carreira administrativa, especialmente no que se refire á promoción interna dos funcionarios a niveis e grupos superiores.

O artigo 18 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto básico do empregado público establece que "La promoción interna se realizará mediante procesos selectivos que garanticen el cumplimiento de los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como los contemplados en el artículo 55.2 de este estatuto", e engade no parágrafo segundo que "Los funcionarios deberán poseer los requisitos exigidos para el ingreso, tener una antigüedad de, al menos, dos años de servicio activo en el inferior Subgrupo o grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que este no tenga Subgrupo, y superar las correspondientes pruebas selectivas".

Xunto ao anterior, expón ademáis dito precepto que "Las Leyes de la Función Pública que se dicten en desarrollo de este estatuto articularán los sistemas para realizar la promoción interna, así como también podrán determinar los cuerpos y escalas a los que podrán acceder los funcionarios de carrera pertenecientes a otros de su mismo Subgrupo", sendo obriga, tal e como establece o citado precepto no seu apartado cuarto, das Administracións públicas adoptar as medidas necesarias para incentivar a participación do persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional.

Agora ben , a posibilidade de facer uso do procedemento de promoción interna debe poñerse en conexión co feito de que o sistema legal de selección de persoal das Adminsitracións públicas é o de probas libres, polo que non se pode reservar o 100% das prazas vacantes para ser provistas por promoción interna, tal e como ven establecéndoo a xurisprudencia.

Así, a Sentencia do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 1992 establece que:

«(.../...).En este sentido es de notar que el criterio fundamental sobre el que se monta **el sistema legal de selección del personal de las Administraciones Públicas es el de las pruebas libres**, siendo éste además, el que mejor extiende, en razón de su propia amplitud subjetiva, los citados principios constitucionales de igualdad, capacidad y mérito. Esto no excluye, sin embargo, que los mismos no se respeten en los casos de promoción interna, aun cuando ésta, por propia definición, alcance a menos sujetos. Por eso en la Ley este sistema aparece como un simple mandato dirigido a "facilitarla", nunca a sustituir plenamente a las formas ordinarias y obligadas de acceso, que son las libres. En este sentido, aunque se haya prescindido de fijar un expreso límite numérico a las vacantes susceptibles de ser reservadas a promoción interna en cada convocatoria, sin embargo la interpretación sistemática de la Ley impone que no se desconozca en absoluto el principio general de las pruebas libres de acceso, de modo que en el conjunto de las convocatorias para determinadas Escalas y Cuerpos aparezcan suficientes plazas excluidas de la promoción interna como para que pueda aceptarse que aquel principio legal ha sido debidamente respetado.(.../...)»

No mesmo senso, se pronunciou a Sentencia do Tribunal Supremo de 19 de novembro de 1992.

Tamén a Sentencia Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de 27 de abril de 1999 establece que:

“(.../...)Efectivamente, aunque el Real Decreto 896/1991, de 7 de junio, por el que se establecen las reglas básicas y los programas mínimos a que debe ajustarse el Procedimiento de Selección de los Funcionarios de Administración Local, guarda absoluto silencio respecto de la reserva de que se trata, no nos es dado ignorar que en su Artículo 5 señala que "las convocatorias respectivas determinarán el número y características de las plazas que deban ser provistas, con referencia a las bases aprobadas por el Pleno, especificando las que sean de promoción interna". De ahí que haya de inferirse ineludiblemente la prohibición de que todas las plazas sean asignadas al turno de promoción interna. Así lo ha venido entendiendo el Tribunal Supremo -STS. de 20 de enero de 1.992- que ha declarado que, excluida la vigencia del art. 134-1 del Real Decreto Legislativo en la fecha en que fue convocado el concurso-oposición y estando en vigor el art. 22-1 de la Ley 30/1984, modificado por la Ley 23/1988, no es posible obviar que "sometido constitucionalmente el acceso a la función pública a los principios de igualdad y a los de mérito y capacidad (arts. 23-2 y 103-3 de la Constitución) la Ley mencionada ha consagrado el criterio general de que las Administraciones Públicas seleccionen a su personal a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre (art. 19-1), pero al mismo tiempo ha ordenado que aquéllas faciliten la promoción interna, ahora sin

Código do documento	Código do expediente
USG16I000Z	USG/2021/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2G3E 4V5L 0H25 455Q 0BHM	

límite legal expreso alguno, lo que llevado a su extrema consecuencia podría originar que se cerrara el acceso libre a los Cuerpos o Escalas con exigencia de titulación superior a la del certificado de escolaridad, porque todas las vacantes de aquéllas se reservasen a promoción interna, de modo que la total selección de funcionarios públicos tuviese siempre su origen en los Cuerpos o Escalas del grupo inferior, con independencia de que después, para ser promovido, sea necesario poseer la titulación exigida para integrarse en el grupo superior", hasta el punto de que "esta situación haría que el criterio legal del acceso libre quedase tan evidentemente restringido, que sin duda acabaría lesionando los principios constitucionales de mérito y capacidad", por lo que "la eventual contradicción que podría originarse entre los arts. 19-1 y 22-1 de la Ley 30/1984 debamos eliminarla mediante una racional interpretación de ambos preceptos y a la luz de los principios constitucionales", pues "en este sentido es de notar que el criterio fundamental sobre el que se monta el sistema legal de selección del personal de las Administraciones Públicas es el de las pruebas libres, siendo éste, además, el que mejor extiende, en razón de su propia amplitud subjetiva, los citados principios constitucionales de igualdad, capacidad y mérito, lo que no excluye, sin embargo, que los mismos no se respeten en los casos de promoción interna, aun cuando ésta, por propia definición, alcance a menos sujetos", a lo que añade que "por eso en la Ley este sistema aparece como un simple mandato dirigido a «facilitarla», nunca a sustituir plenamente a las formas ordinarias y obligadas de acceso, que son las libres, de forma que "aunque se haya prescindido de fijar un expreso límite numérico a las vacantes susceptibles de ser reservadas a promoción interna en cada convocatoria, sin embargo la interpretación sistemática de la Ley impone que no se desconozca en absoluto el principio general de las pruebas libres de acceso, de modo que en el conjunto de las convocatorias para determinadas Escalas y Cuerpos aparezcan suficientes plazas excluidas de la promoción interna como para que pueda aceptarse que aquel principio legal ha sido debidamente respetado.(.../....)"

Á ilegalidade das bases por reserva da totalidade de prazas a promoción interna tamén se pronuncia a Sentencia do Tribunal Superior de Justicia de Castela A Mancha de 8 de abril de 2013, que establece que :

C.I.F. P-1503100-H

" (.../....) A juicio de la Sala, las bases son ilegales primeramente por lo que obvian las partes interesadas en sus alegaciones, quizá porque el Juzgador a quo vino a validar negando la vigencia del artículo 134.1 del Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local (LA LEY 968/1986) _R. Decreto Legislativo 781/86, de 18 de Abril , estableciendo que "las convocatorias serán siempre libres" si bien "podrán reservarse para promoción interna hasta un máximo del 50 por 100 de las plazas convocadas para funcionarios que reúnan la titulación y demás requisitos exigidos en la convocatoria". Ese precepto, si bien no derogado expresamente, dejó de desplegar efectos por su derogación tácita al devenir incompatible con norma básica estatal posterior, lo que explicita el Tribunal Supremo en Sentencia de 20 de Enero de 1992 , convenientemente citada en la instancia y en la apelación por la representación de D (...). En efecto, tras la modificación del artículo 22 de la Ley 30/84, de 2 de Agosto (LA LEY 1913/1984) (en lo que interesa aquí, reproducido por el artículo 134.1 del TRRL) por Ley solo posterior en unos meses a la fecha del Real Decreto Legislativo 781/86 (LA LEY 968/1986), Ley (LA LEY 1532/1988) 23/88, de 28 de Junio, fue eliminada la condición porcentual en la promoción interna. Pero la cosa no acaba aquí, porque como ha puesto de manifiesto la mejor doctrina científica, la supresión de este límite del 50% no legitima el empleo de la promoción interna como cauce ordinario de acceso a las plazas funcionariales, prohibiéndose que la totalidad de vacantes de una convocatoria se reserven para promoción interna con exclusión del turno de acceso libre; criterio éste no asentado a la ligera, porque está basado en la propia Constitución, artículo 40.1 (impeditivo de una política de personal de los distintos poderes públicos dirigida sólo a la promoción profesional de los efectivos ya existentes, con olvido de la recluta de nuevo personal). Y más decisivo es que su posición se extraiga de determinadas sentencias del Tribunal Constitucional (SSTC 151/92 (LA LEY 1992-TC/1992) , 302/93 (LA LEY 2345-TC/1993)) y del Tribunal Supremo, no solo la citada de 20 de Enero de 1992 , sino también otras como la de 19 de Noviembre del mismo año, la supresión de la reserva del 50% "... en ningún supuesto permite que todas las plazas vacantes se provean por el sistema de promoción interna, ya que ello desvirtuaría lo dispuesto en el artículo 19 de la meritada Ley de 2/Agosto/84 ". Tal razonamiento totalmente válido en el momento presente (y el 18 de Octubre de 2010, fecha del acuerdo aprobatorio de las bases) porque la regla general tras la Ley 7/07, de 12 de Abril (LA LEY 3631/2007), sigue siendo el "carácter abierto" de los procesos selectivos garantizándose la libre concurrencia, aunque lo sea "sin perjuicio de lo establecido para la promoción interna", cuyo régimen se difiere a las normas de desarrolla (no, por cierto, sin condiciones). (.../....)"

No mesmo sentido se pronuncia a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Castela A Mancha de data 21 de xaneiro de 2016.

Código do documento	Código do expediente
USG16I000Z	USG/2021/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2G3E 4V5L 0H25 455Q 0BHM	

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tamén se pronunciou sobre o asunto, na sentencia 288/2015, de 13 de maio e 2015, que con referencia á do Tribunal Supremo de 25 de xaneiro de 2006, pon de manifesto que a xurisprudencia habríaa encadrado perfectamente a chave da harmonía entre o dereito de acceso ao emprego público libre e o dereito a promoción interna, e sentado- como criterio xeral- o das probas libres, se ben a promoción interna constitúe, segundo designio do lexislador , “ *un simple mandato dirigido a “facilitarla”, nunca a sustituir plenamente a las formas ordinarias y obligadas de acceso, que son las libres*”. Neste senso, aínda que se prescindise de fixar un expreso límite numérico ás vacantes susceptibles de ser reservadas a promoción interna en cada convocatoria, sen embargo,a interpretación sistemática da Lei impón que no se descoñeza en absoluto o principio xeral de probas libres de acceso; de modo que no conxunto das convocatorias para determinadas Escalas e Corpos aparezan suficientes prazas excluídas da promoción interna como para que poida aceptarse que aquel principio legal respetouse debidamente.

A referida sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia alude á resolucións ditadas no seno de aquel; entre outras, a sentencia de 13 de febreiro de 2013, na que se dipón que: “ *si no hay suficientes plazas la interpretación ha de ser a favor de lo normal (turno libre) y no lo especial (promoción interna), unido a que las limitaciones al acceso al empleo público (tal como la promoción interna que cierra el paso a quienes no son funcionarios de la Administración convocante) han de interpretarse restrictivamente*”.

A isto cabe engadir, con máis forza se cabe, as Sentencias do Tribunal Supremo de 12 de marzo e 30 de abril de 2008, de acordo coas cales o artigo 169 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido en materia de réxime local ten carácter básico e as súas determinacións sobre reserva de promoción interna en prazas de funcionarios (25% á subescala técnica e 50% á subescala administrativa) seguen vixentes. Nesta mesma liña cabe citar a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Castela A Mancha de 17 de abril de 2007, e a do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía (Granada), de data 19 de decembro de 2011. Esta última sinala no seu fundamento terceiro que:

“(.....) *Las modificaciones introducidas en materia de promoción interna más destacables produjeron la derogación de los porcentajes establecidos para la promoción interna en los arts. 134 y 169.2 mencionados, lo que fue reconocido por la sentencia TS de 20- 01-92 (Arz. 2467).*

El Texto Refundido de las disposiciones vigentes en materia de Régimen Local siguió la orientación que, en materia de promoción interna, había sentado la Ley 30/1984, de 2 de agosto (LA LEY 1913/1984) de medidas para la reforma de la función pública, que permitía reservar hasta el 50% de las vacantes; por ello, el Texto Refundido de Régimen Local recogió para la promoción interna a la Subescala Administrativa por los Auxiliares una reserva del 50% de las vacantes. El precedente inmediato de estos porcentajes estaba en el Real Decreto Legislativo 3046/1977, de 6 de octubre (LA LEY 1694/1977) (arts. 91.3 y 92.3).

Quando se promulga la Ley 23/1998, de 28 de julio, desaparecen los porcentajes de reserva por el turno de promoción interna y hay libertad para fijarlos sin topes máximos, aunque la posibilidad de llegar al cien por cien de las vacantes no fue considerada correcta por el TS en sus sentencias de 20 de enero y 19 de noviembre de 1992 (Arz. 2467 y 9204).

Desde la Ley 53/2002, de 30 de diciembre (LA LEY 1831/2002), el artículo 169.2 del Texto Refundido de Régimen Local , que se entendió inaplicable por el desarrollo realizado por el Real Decreto 896/1991, de 7 de junio (LA LEY 1847/1991), cobra plena vigencia con el artículo 6º. Cuatro de la citada Ley 53/2002 (LA LEY 1831/2002) . Como consecuencia de su carácter básico, vuelven los porcentajes de reserva de las plazas vacantes de las subescalas Técnica y Administrativa para poder ser cubiertas por promoción interna por los funcionarios de la Subescala inferior (art. 169.2.a.b).(.....)”.

Pois ben, os argumentos contidos nas sentencias citadas anteriormente son extrapolables ao suposto concreto que se examina, polo que se informa que infrinxe a legalidade a reserva do 100% das prazas vacantes para promoción interna , ao ser contrario aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Cómpre advertir que en relación ás bases de promoción interna de técnicos/a de xestión convocadas no ano 2017 formulouse unha solicitude de revisión de oficio do acordo adoptado pola Xunta de Goberno local en data 23 de

Código do documento	Código do expediente
USG16I000Z	USG/2021/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2G3E 4V5L 0H25 455Q 0BHM	

outubro de 2017 relativo á aprobación da convocatoria e bases do proceso selectivo. No expediente de revisión de oficio esta esta Secretaría emitiu informe en data 31 de maio de 2019 (código de documento USG13I00HL) no que se informou que concorren as causas de nulidade invocadas na acción de nulidade exercida, sen que conste que dende o 31 de outubro de 2019 se continuase coa tramitación do expediente de revisión de oficio.

2.- Polo que respecta ás prazas que se inclúen na OPE relativas á funcionarización (asesor/ xurídico/a laboral, pedagogo/a servizos sociais básicos e axuliar de protección civil), reitérase pola que subscribe o sinalado na nota informativa de secretaría 56/2018 , na que se informou o seguinte:

A disposición transitoria segunda do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público (TREBEP) establece que :

“El personal laboral fijo que a la entrada en vigor de la Ley 7/2007, de 12 de abril, estuviese desempeñando funciones de personal funcionario, o pasare a desempeñarlos en virtud de pruebas de selección o promoción convocadas antes de dicha fecha podrá seguir desempeñándolos.

Asimismo, podrá participar en los procesos selectivos de promoción interna convocados por el sistema de concurso-oposición, de forma independiente o conjunta con los procesos selectivos de libre concurrencia, en aquellos Cuerpos y Escalas a los que figuren adscritos las funciones o los puestos que desempeñe, siempre que posea la titulación necesaria y reúna los restantes requisitos exigidos, valorándose a estos efectos como mérito los servicios efectivos prestados como personal laboral fijo y las pruebas selectivas superadas para acceder a esta condición.”.

Polo tanto, se establece o dereito do persoal laboral fixo a participar nos procesos selectivos de promoción interna convocados polo sistema de concurso-oposición, de forma independente ou conxunta cos procesos selectivos de libre concurrencia, en aqueles corpos ou escalas aos que figuren adscritos as funcións ou os postos que desenvolva.

Dita disposición transitoria, que como todas as normas do TREBEP ten carácter básico, constitúe un instrumento que habilita a todas as Administracións Públicas para que transformen aos seus empregados laborais fixos en funcionarios de carreira, permitíndolles participar nas probas de acceso a aqueles corpos ou escalas nos que figuren adscritos os postos que desenvolven, sempre e cando cumplan os requisitos que a propia Disposición establece expresamente. Trátase dunha excepción ao dereito fundamental a acceder ao emprego público en condicións de igualdade e libre concurrencia que reconece a todos o artigo 23.2 da Constitución española e tamén consagra expresamente o propio TREBEP nos seus artigos 55 e 61, de modo que dita disposición debe ser obxecto dunha interpretación estricte e na súa aplicación a Administración debe poñer un especial coidado e rigor. Só si se cumpren escrupulosamente todos e cada un dos requisitos que nela se establecen estará xustificada a excepción a este dereito fundamental.

Polo tanto, esta previsión excepcional contida na Disposición Transitoria comentada esixe unha interpretación restrictiva do suposto de feito habilitante. Establece claramente a Lei que só poden participar en tales probas , ademais as convocatorias selectivas só poden dirixirse(ademais de as/ás funcionarios de carreira como se verá máis adiante) ao *“personal laboral fijo que a la entrada en vigor del presente Estatuto desempeñe funciones de personal funcionario o pase a desempeñarlos en virtud de pruebas de selección o promoción convocadas antes de dicha fecha ”*, de modo que o precepto non ampara a a aqueles traballadores que ocupan postos que non están reservados a funcionarios, e os poden desempeñar persoal laboral, nin , dende logo, a aqueles traballadores que non se atopasen en dita situación antes da entrada en vigor do Estatuto básico do empregado público o que se teñen incorporado a elas a través dunha convocatoria xa efectuada en dita data (12 de maio de 2007).

O desempeño de funcións propias de personal funcionario non é un criterio deixado á libre interpretación dos responsables do persoal do Concello, senón que ten que estar establecido e acreditado, de conformidade co establecido na Lei, pola correspondente adscrición recollida na relación de postos de traballo que existira no Concello á entrada en vigor do Estatuto.

Por non cumprirse o requisito de estar desempeñando un posto reservado a funcionarios, a Sentencia do Tribunal Supremo de 1 de setembro de 2007 (recurso núm. 1334/2004) anulou unha convocatoria do Concello de Langreo co

Código do documento	Código do expediente
USG16I000Z	USG/2021/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2G3E 4V5L 0H25 455Q 0BHM	

sólido argumento de que “ *la restringida vía de acceso prevista en la convocatoria litigiosa estaba justificada para a aqueles postos que, a partir de la Ley 23/1988, necesariamente tienen que ser funcionariales, pero no así para los que la Ley sigue permitiendo su desempeño por personal laboral*”. O cual, no caso analizado “*carecía de justificación para los puestos que figuraban en ella como pertenecientes a la Subescala de Servicios Especiales, Personal de Oficios, por tener estos últimos encaje en las excepciones para personal laboral previstas en e apartado c) del artículo 15 de la Ley 30/1984*”. No mesmo sentido, a sentenza do Tribunal Supremo de 23 de febreiro de 2009 (recurso núm. 1543/2005) confirmou a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias de 22 de decembro de 2004 (recurso número 1123/1999), que tiña anulado as bases comúns específicas dun proceso de funcionarización do Concello de Carreño porque se estendéu a todo o persoal laboral sen ter en conta o ano de ingreso no emprego público.

Así pois, a cuestión clave radica en que o empregado público ostentara a condición de persoal laboral fixo e ocupara postos reservados a persoal funcionario na concreta data fixada polo Texto refundido do estatuto básico do empregado público .Só en relación co persoal laboral fixo que cumpriase as condicións citadas a dita data cabe entender permitida a participación nestes procesos selectivos. E a este respecto, a xurisprudencia é inflexible na esixencia de que á data de referencia se desempeñase o posto de traballo como persoal laboral fixo (por todas, a Sentencia do Tribunal Supremo de 19 de novembro de 2008).

No suposto que se examina, e para o caso dos postos de: asesor/a xurídico/a social, axente desenvolvemento local, pedagogo/a servizos sociais específicos, psicólogo/a, técnico/a inserción laboral, educador/a social, técnico/a coordinación formación, técnico/a animación sociocultural, animador/a cultural, monitor/a taller, e asistente a domicilio, os traballadores que desempeñan os ditos postos non cumpen o requisito relativo a ser persoal laboral fixo na data á que se refire a Disposición citada do TREBEP, xa que adquiriron tal condición moito despois.

C.I.F. P-1503100-H

E en todos os casos (ademais dos anteriores, tamén nos de auxiliar de protección civil , asesor xurídico laboral e pedagogo/a servizos sociais básicos) tampouco se cumpre o requisito relativo a que o personal, á data da entrada en vigor do EBEP, estivese desempeñando un posto reservado a funcionarios. No Boletín Oficial da Provincia número 121, de 28 de maio de 2007 publicouse anuncio do Concello e Culleredo no que se da publicidade ao acordo adoptado polo pleno en data 2 de maio de 2007 relativo á plantilla e relación de postos de traballo. Consultadas estas constátase que ningún dos postos aos que se refiren as bases examinadas figuraba como reservado a funcionario .(..../....)”

Polo exposto, a xuízo da que subscribe, polo que respecta ás prazas que se inclúen na OPE de funcionarización non cumpren os requisitos esixidos pola Disposición Transitoria segunda do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro..

3.- Polo que respecta ás prazas de consolidación/estabilización (Auxiliar administración xeral, enxeñerío/a técnico/a agrícola, mediador/a social, locutor/a técnico son-locutor), ao tratarse de prazas que xa se atopaban na oferta pública de emprego de 2017 remítese a que subscribe ao sinalado sobre o particular na nota informativa de secretaria 90/2021 do día da data (código de documento USG15I03YS).

4.- Segundo informa a Sra. Interventora municipal no seu informe de data 3 de decembro de 2021 (código de documento UIT15I013V): “*No consta informe acreditativo de la existencia de crédito para las plazas incluidas en la oferta de empleo público*”, extremo este que debe acreditarse.

En atención ao exposto infórmase desfavorablemente a oferta pública de emprego para o ano 2021, e polo tanto, a proposta do xefe de gabinete técnico co visto e prace da concelleira delegada de seguridade cidadá e persoal de data 24 de novembro de 2021 (código de documento UPO15I01TI).

É o que expoño nesta nota informativa que é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo escaso tempo hábil con que se contou para o exame do expediente, derivado da escasez de persoal en Secretaría, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación.”

Código do documento	Código do expediente
USG16I000Z	USG/2021/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2G3E 4V5L 0H25 455Q 0BHM	

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada da Área de Seguridade Cidadá e Persoal en data 24 de novembro de 2021 (código de documento UPO15I01TI), relativa á aprobación da Oferta de Emprego Público para o ano 2021 e a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 2 de decembro de 2021 (código de documento UPO15I01YQ), relativa á aprobación da Oferta de Emprego Público complementaria para o ano 2021, resultando aprobadas por unanimidade, polo que deveñen en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.- DACIÓNS DE CONTA.

3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

Publicacións:

- Orde do 29 de novembro de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica a Orde do 20 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a adquisición de vehículos alternativos, mediante o sistema de renting, con destino aos corpos da Policía Local, financiadas polo Fondo de Compensación Ambiental (código de procedemento PR483E). DOG núm. 230 do 30-11-2021.
- Orde do 24 de novembro de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se amplía o primeiro prazo de xustificación da Orde do 6 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, susceptible de ser financiada con fondos REATC-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS623C). DOG núm. 230 do 30-11-2021.
- Resolución do 10 de novembro de 2021, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Xefatura Territorial da Coruña-, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Culleredo (expediente-e IN407A 2021/110-1). DOG núm. 233 do 03-12-2021.
- Extracto da Resolución núm. 46236/2021 de data 23 de novembro, da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos para a realización de festivais de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2021. BOP núm. 228 do 30-11-2021.
- Anuncio do 26 de novembro de 2021, da deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos POS+2022). BOP núm. 228 do 30-11-2021.
- Anuncio do 26 de novembro de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 por maior achega provincial. BOP núm. 228 do 30-11-2021.
- Anuncio do 26 de novembro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación definitiva do expediente UEH/2021/27 de suplemento de crédito e de crédito extraordinario. BOP núm. 229 do 01-12-2021.
- Anuncio do 24 de novembro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía no segundo tenente de alcalde, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, o día 22 de novembro de 2021

C.I.F. P-1503100-H

(desde a sinatura da resolución) e na primeira tenente de alcalde, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, desde o día 23 de novembro ata a reincorporación do alcalde titular. BOP núm. 230 do 02-12-2021.

- Anuncio do 29 de novembro de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación da primeira relación do Plan de investimento en vías provinciais 2021, 5ª fase, integrado polo proxecto DP 3104 variante aeroporto de Alvedro: acondicionamento e mellora da seguridade vial en Liñares (Culleredo). BOP núm. 230 do 02-12-2021.

3.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

3.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

C.I.F. P-1503100-H

*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
1819	06/10/21	Extinción no servizo municipal de Xantar na casa.	***9759** ***2663**	
11/10/21	1857	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos).	***9452**	
08/10/21	1865	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).	***6173**	
13/10/21	1866	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio Conceder o Servizo de Teleasistencia domiciliar e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña.	***7509** ***5603**	Cunha intensidade de cinco horas á semana, das cales, tres horas serán para a atención persoal de ***7509** e dúas horas para a atención doméstica de ***5603**, (agás festivos).
13/10/21	1867	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio	***6564**	Cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente **Regulamento** de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
06/10/21	1816	Conceder umha axuda económica	****5943*	Pago de aluguer, correspondente aos meses abril, maio e xuño de 2021 (350€/mes) e parte do recibo do mes de xullo de 2021 (79€).	1.129,00 €
06/10/21	1817	DENEGAR as axudas para abono de aluguer xa que a unidade familiar excede o límite de ingresos segundo o regulamento municipal das PEEIS, Art. 4.1.	****0953*		
06/10/21	1818	Conceder umha axuda económica	***7991**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro a maio de 2021 (200,80€/mes) e parte do mes de xuño de 2021 (125€),	1129€,
07/10/21	1824	DENEGAR as axudas para abono de aluguer por non quedar acreditada a situación de necesidade.	***5529**		
07/10/21	1825	Conceder unha axuda económica	***0313**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de marzo e abril de 2021 (400€/mes) e parte de maio de 2021 (329€).	1.129,00 €
08/10/21	1827	Conceder unha axuda económica	***9426**	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2021, (350€/mes) e parte do	1.129,00 €

Código do documento USG16I000Z	Código do expediente USG/2021/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)  2G3E 4V5L 0H25 455Q 0BHM	

C.I.F. P-1503100-H

				recibo de abril (79€)	
08/10/21	1828	Conceder unha axuda económica	***2950**	<p>Pago de luz, correspondente a recibos do ano 2021.</p> <p>Pago de recibo de auga correspondente a recibos do ano 2021.</p> <p>Recibo de gas correspondente a recibos do ano 2021.</p> <p>Bono de alimentos tipo C, bono de lactantes e bono de hixiene tipo B, durante tres meses e cunha entrega mensual.</p>	
08/10/21	1829	Conceder unha axuda económica	****7699*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro a maio de 2021 (200€/mes) e 129€ do mes de xuño de 2021.	1.129,00 €
13/10/21	1864	Conceder unha axuda económica	***7137**	<p>Pago de auga correspondente ao 3º e 4º trimestre de 2020 e 1º e 2º trimestre de 2021.</p> <p>Pago de recibo de gas, correspondente a recibos de data 18/12/2020, 09/04/2021 e 09/06/2021.</p> <p>Pago da auga, correspondente ao 3º e 4º trimestre do ano 2021.</p> <p>Pago de recibo de gas, correspondente a resto de recibos do ano 2021.</p>	<p>372,12€</p> <p>168,24€</p>

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan**

as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de diciembre de 2014)

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
05/10/21	1813	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	***7603**	Cunha vixencia de 10 anos
05/10/21	1814	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	***3133**	Cunha vixencia de 10 anos
05/10/21	1815	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	***4631**	Cunha vixencia de 10 anos
14/10/21	1880	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	***0516**	Cunha vixencia de 10 anos

C.I.F. P-1503100-H

3.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

XOVES 9 DE DECEMBRO

Biblioteca Xosé Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.00 h:

Contacontos coa Dragona Ramona: *Fábrica de bicos*.

A partir de 3 anos. Aforo limitado. Reserva de prazas a mesma semana no tfno. 981665597. Aplicaranse as medidas anti-covid en vigor.

VENRES 10 DE DECEMBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Teatro Os Náufragos: *Onde viven os monstros*.

Público familiar. Entrada gratuíta. Aforo limitado. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597. Aplicaranse as medidas anti-covid en vigor.”

3.2.3.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/2229/2021 de data do 26/11/2021 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de RBTS para a vivenda situada no lugar de Laxe, da parroquia de Rutis, deste termo municipal.

Código do documento	Código do expediente
USG16I000Z	USG/2021/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2G3E 4V5L 0H25 455Q 0BHM	

- Resolución número CUL/RES/2241/2021 de data do 29/11/2021 pola que se da de baixa con efectos do ano 2022, a licenza municipal número 368 de reserva de espazo de entrada e saída de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, con reserva permanente, pertencente ao local situado na Avda. de Vilaboa, núm. 191, deste termo municipal.
- Resolución número CUL/RES/2244/2021 do 29/11/2021 pola que se autoriza o uso especial por SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELÉGRAFOS dos terreos de dominio público municipal afectados para a instalación de nova colocación de caixas de correos para o uso do persoal de reparto da capital, na Rúa Breogán, 1, Rúa Regueiro, 68 e Rúa A Ermida, 2, das parroquias de Rutis e de Culleredo.”

3.3.- SENTENZA 163/2021 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 118/2021-L.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta e Goberno Local da sentenza 163/2021, do 22 de novembro de 2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, PROCEDEMENTO ABREVIADO 118/2021-L, en cuxo fallo (anonimizado) di:

“**DESESTIMANDO** recurso contencioso administrativo interpuesto por la Letrada DOÑA MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ MATÍAS en nombre y representación de DON J.A.E.A. frente a Resolución de fecha 19 de febrero de 2021, dictada por la Alcaldía del Concello de Culleredo, por la que se desestima el recurso de Reposición interpuesto contra la resolución de la Junta de Gobierno Local en sesión celebrada el 28/12/2020, por la que se aprueba la oferta de empleo público del año 2020, BOP de 30 de diciembre de 2020, sin costas.

Prónunciese esta sentenza en audiencia pública y notifíquese a las partes, con la advertencia de que no es firme, pudiendo interponerse **recurso de apelación** en este Juzgado en el **plazo de quince días** para ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

(.../...)”

3.4.- SENTENZA 285/2021 DO XULGADO DO PENAL NÚM. 5 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 244/2021.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta e Goberno Local da sentenza 285/2021, do 9 de novembro de 2021, do Xulgado do Penal núm. 5 da Coruña, PROCEDEMENTO ABREVIADO 244/2021, en cuxo fallo (anonimizado) di:

“**DEBO CONDENAR Y CONDENO a J.J.S.L. por conformidad de las partes**, como autor de un **delito de conducción bajo la influencia de bebidas alcohólicas** del art. 379. 2 CP, sin la concurrencia de circunstancias modificativas de la responsabilidad criminal, a la **pena de multa de 6 meses con una cuota diaria de 6 euros** y responsabilidad personal subsidiaria caso de impago, así como la **pena de privación del derecho a conducir** vehículos a motor y ciclomotores durante **1 año y 1 día**. Y al pago de las costas procesales.

En cuanto a la **responsabilidad civil**, el acusado indemnizará al Concello de Culleredo, conjunta y solidariamente con la compañía de seguros ALLIANZ, **en la suma de 1.992,48 euros** por los desperfectos en la valla metálica de su propiedad, más los intereses del artículo 1108 CC respecto del acusado y los intereses del art. 20 LCS respecto de la compañía de seguros; y los intereses del art. 576 LEC.

Notifíquese esta sentencia a las partes. Firme el pronunciamiento relativo a la responsabilidad penal, cabe interponer recurso de apelación contra el pronunciamiento relativo a la responsabilidad civil ante la Audiencia Provincial en el plazo de diez días a contar desde el siguiente a su notificación.

(.../...)”

Código do documento	Código do expediente
USG16I000Z	USG/2021/211
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2G3E 4V5L 0H25 455Q 0BHM	

3.5.- SENTENZA 177/2021 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 4 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 134/2020.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta e Goberno Local da sentenza 177/2021, do 16 de novembro de 2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña, PROCEDEMENTO ORDINARIO 134/2020, en cuxo fallo (anonimizado) di:

“Desestimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por D. J.A.A., representado por la Procuradora Doña Amalia Mosquera Herrero contra la Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de la Xunta de Galicia, representada y bajo la dirección de la Abogada, Doña Carlota Tarrío Vela, y siendo codemandado el Ayuntamiento de Culleredo representado y bajo la dirección de la Letrada Doña M^a de las Nieves Fuentes Bermejo, contra la resolución de 19 de junio de 2020 del director de la APLU por la que se inadmite el recurso extraordinario de revisión interpuesto por D. J.A.A. contra la resolución de fecha 18 de octubre de 2020. Se imponen las costas al recurrente, dentro de los límites del último fundamento de derecho.

Contra la presente resolución podrá interponerse recurso de apelación en el plazo de quince días siguientes a la notificación de esta sentencia, ante este mismo Juzgado y para ante la Sala correspondiente del TSJG. (.../...)

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H